

# Conexión do microprocesador na placa

Sen contar que algunhas placas xa veñen c<sup>o</sup> microprocesador integrado, en xeral, todas as placas base veñen con un zócalo especial para que sexa conectado nel o microprocesador. Como puidemos ver no apartado dos zócalos para microprocesador, existen dous grandes tipos de zócalos, os de tipo **Socket** e os de tipo **Slot**. Sexa cal sexa este, a conexión do micro na placa será moi sinxela, tal e como imos ver neste apartado.

Para unha boa colocación e configuración do microprocesador na placa, en xeral, seguiremos estes pasos:

1. Facernos c<sup>o</sup> manual da placa base e asegurarnos que o microprocesador é soportado por ela.
2. Asegurarnos que o equipo está desconectado da rede eléctrica.
3. Conectar a CPU no socket da placa base.
4. Instalar o disipador c<sup>o</sup> ventilador para refrixerar o microprocesador.
5. Configurar na BIOS, por microinterruptores ou *jumpers* a velocidade do reloxo, o multiplicador e a voltaxe de traballo do microprocesador.

Vexamos uns exemplos prácticos para asegurarnos que se entende ben este paso tan importante da montaxe dun equipo.

1. [Instalar microprocesador na placa GA-P35T-DQ6 de Gigabyte](#)

-- [Volver](#)